



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

1.- Cando a primavera anuncia vida nova

Sendo como somos xente cada vez máis metida na cultura urbana, o cambio das estacións lémolos as máis das veces polo sentido práctico, utilitario, a prol ou en contra, de cada unha delas. Así o inverno sempre é un fastío, por máis que a normal abundancia de augas –as augas, ese inmenso tesouro primordial!– abastezan os nosos encoros e garantan un ben básico do que xa quixesen folgarse en moitos países do mundo. Si, se hai neve, moita neve, canta xente, urbana máis ben, regala os ollos con satisfacción soñando con xornadas festeiras de esquí e de montaña; pero a máis diso a neve, e mesmo as xeadas, aínda que poden castigar con fríos e frieiras, exercen o oficio de amolentar e purificar as terras, que

ben coñecemos e agradecemos os habitantes das aldeas.

E estamos xa coa primavera a medio andar cando isto escribimos. A primavera, coa lentura acumulada, coa calor que vai en medras, co esperar biolóxico de tantísimos seres, ofrécesenos ano tras ano como unha inmensa parábola natural do retorno persistente da vida, máis alá incluso dos moitos atrancos que se lle poñan por diante. Vistes algunha vez como xermola unha pataca desde o fondo da cal dunha terra labrada? Vistes como esa planta tan vulgar e omnipresente en toda Galicia, o dente de león, é mesmo capaz de rebentar un asfaltado e amosarse vitoriosa co marelo da súa flor e coa branca bola radiante da súa semente, disposta a ser levada de aquí para acolá polo máis livián golpe de aire?

Que preciosos son os ritmos naturais! Canto podemos aprender deles para todo, para saber apagaros e morrer, para saber calar, asumir e remoer, agardando tempos propicios, para saber darlle saída aos impulsos vitais que por esforzo ou graza xermolan dentro de nós, das nosas familias, comunidades e pobos, para saber coidar a medranza dos froitos que soñamos, para os saber recoller e celebrar con festa e agradecemento!

Estamos, logo, en horas de vida nova. Na Pascua, sempre en primavera acomodándose aos ritmos naturais, lembrámolo e celebrámolo, ao redor da persoa de Xesús de Nazaré, ao redor, logo, da iniciativa divina, feita historia coas mediacións humanas de tantos homes e mulleres que seguen, que seguimos, apostando pola fermosura da vida a pesar de todo, mesmo a pesar da COVID-19.

2.- A Galicia baleirada

E, xa que empezamos co rural, sigamos co rural. Neste caso para nos facer eco desa data cada vez máis senlleira, que é o 31 de marzo, o día institu-

cionalizado da «España vacía», que para nós é tamén a «Galicia baleirada». O 31 de marzo do 2019 foi a grande manifestación en Madrid de milleiros e milleiros de persoas pertencentes a estes espazos xeográficos que se ven despoboados xa ou en serios procesos de despoamento. Unha España baleirada que se estende polo 70 % do territorio do Estado; a ela pertencen sobre todo as provincias de Soria, Teruel, Cuenca, Zamora, Ávila, Guadalajara, La Rioja, Burgos, Jaén. 160 movementos de 28 provincias conforman este movemento da España baleirada que tamén este ano polo 31 de marzo, en reducido número por mor da pandemia, fíxose presente diante do Congreso dos Deputados para facer soar as súas campás, campás que atoparon eco nas dos campanarios de milleiros de pobos pertencentes a esa España baleirada, e para ler un manifesto no que, aínda que recoñecen estar nas axendas dos partidos políticos, á hora da verdade todo segue igual, sen cambios notorios. E xustamente para posibilitar eses cambios presentaron un «Modelo de desenrolo para a España baleirada».

Podemos dicir que Galicia, en ningunha das catro provincias, non entra de cheo na categoría de baleirada. Só algunhas zonas do sudeste de Ourense están nos niveis máximos de despoboamento –menos de 8 habitantes por km²–, e algunhas zonas da montaña oriental de Lugo nos niveis medios –menos do 12,5 habitantes por km²–. Pero o futuro de grandes zonas rurais do interior das catro provincias camiña nesa dirección. Os que vivimos na aldea atopámonos diariamente con datos que nolo confirman. Isto é o que vemos aquí e acolá: algunhas casas derruídas, outras en bo estado pero só ocupadas de cando en vez, bastantes habitadas por unha ou dúas persoas velliñas sen perspectiva de seguiren sendo casas de lume e fume, e un reducido número delas que de momento poderán subsistir. As políticas aplicadas están claramente orientadas, se non na intención, si nos resultados, a provocar o abandono. O lema aireado de «esta será a lexislatura do rural» case sempre se acaba cumprindo á inversa.

E na Igrexa, que noutras circunstancias nos chufamos, e con razón, de aguantar ata o

último momento cabo de quen anda en fragilidade, neste caso estámonos deixando levar pola corrente: as parroquias de aldea están adoito condenadas a un alarmante abandono, pensamos que sobre todo por carencia de persoal e de imaxinación alternativa, e quizais tamén por non esperar rendibilidade evanxelizadora entre unha poboación vella e minguante. Con excelentes excepcións, iso si, tanto no eido da reivindicación social, coma no da práctica cultural. En xeral podemos dicir que á xente de Igrexa non nos preocupa este baleirado continuo das aldeas; coñecémolo, aceptámolo con resignación e quizais con rabia, pero non percibimos as consecuencias negativas do modelo alternativo de asentamentos humanos para o medio natural e para a mesma xente, tanto a que reside illada no rural como a que se amorea nas cidades.

3.- Cara á Xornada Mundial dos avós e avoas e da xente maior

Estamos en Ano Santo Compostelán –que será dobre–, desde o 19 de marzo pasado e ata o 26 de xuño do 2022 estamos no Ano da Familia *Amoris*

laetitia, que rematará nesta data co Encontro Mundial das Familias en Roma. Ademais o Papa Francisco instituíu a Xornada Mundial dos Avós/Avoas e das persoas Maiores a celebrar cada ano o cuarto domingo do mes de xullo, que cadra sempre moi próximo ao día 26, data na que facemos memoria dos avós de Xesús, Xoaquín e Ana. Dubidamos de que tanta celebración, montándose unhas nas outras, poidan resultar eficientes.

Do Papa sabemos a súa recorrente referencia á xente maior como portadora de sabedoría de vida, como un don para a familia e a comunidade humana que a pode acoller e coidar, como transmisora de experiencias de vida, de recorridos vitais a todos os niveis, que nos poden valer de sustento en momentos de culturas fráxiles, líquidas como a que estamos vivindo. Algo, polo tanto, poderemos aproveitar nós e poderán aproveitar tamén esas persoas velliñas que, aínda que portadoras de tanto mérito, non sempre reciben os coidados debidos.

Falamos máis arriba do despoboamento das aldeas e da frecuencia con que as casas

van quedando habitadas por persoas maiores soas. Velliños e velliñas que gastaron a súa vida en tempos que no noso caso incluíron a posguerra, incluíron a crianza de bastantes fillos en xeral, incluíron con frecuencia etapas longas de emigración, todo para facer casa e vida para si e para os seus. E agora na vellez séntense condenados á soidade acompañada de achaques e, como alternativa, a «emigración» de novo para acabar os días nunha residencia, lonxe do seu e dos seus. Sorprende a resignación aparente coa que aceptan estas circunstancias, pero, a pouco que remexas as augas, todos sabemos da dor íntima, da amargura existencial coa que moitas destas persoas rematan as súas vidas. Ai, canté, o vello modelo familiar no que eles e elas podían envellecer e morrer dando e recibindo afectos, coidados, vida! Hai uns días escoitamos por TV que en España eran 5 os millóns de persoas maiores que vivían soas! Case increíble. Entre nós, en Galicia, son 126.000 as persoas maiores de 65 anos que viven soas!

E sobre das Residencias de xente maior que se están xene-

realizando habería moito que falar. Queren ser un recurso alternativo aos valores do envellecemento tradicional no propio fogar, pero sono nunha medida moi baixa. Hai que agradecer a presenza de profesionais, de coidados, de supervisión constante, de grandes afectos incluso, pero tamén existe a tentación de converter esas Residencias nun negocio económico nas mans de grandes empresas, coas consecuencias que diso se derivan; por non falar xa do funesto (funesto e funeral teñen a mesma raíz latina) «trato especial» que os seus moradores recibiron durante as horas mouras da COVID-19.

Un aplauso por iso a persoas e institucións que se doen de veras da situación dos maiores, por exemplo, o programa «Con-vivindo» que está levando a Cáritas na diocese de Mondoñedo-Ferrol, promovendo un voluntariado que acompañe a xente maior, máis ben soa, que vive nas súas casas. A Delegación de Pastoral Rural desta diocese tamén se marcou o obxectivo de traballar especialmente nesta dirección.

4.- Algo haberá que aprender

O día 4 de maio foron as eleccións na comunidade de Madrid, que gañou claramente o PP, que gobernará co apoio de Vox. Non imos dar opinión política do feito, que nin eu estou para iso nin este é o lugar para facelo. Soamente un par de achegas sobre dous temas que poderíamos chamar transversais e que non se quedan no feito das eleccións e dos seus resultados. Dúas achegas, iso pretendemos, desde unha sensibilidade cristiá.

Ten que ver a primeira co feito do alporizamento, da crispación política que vén de lonxe, e que, claro, vai a máis en tempos de eleccións. Non sei se quen isto lea o comparte ou non, pero a quen isto escribe xórdelle alá do fondo case coma un noxo por pertencer a isto que chamamos España (perdón polo despexe emocional), asombrado de que cen anos despois a voz profética de Antonio Machado nos seus «*Proverbios e Cantares*» siga valendo para narrar os nosos sentimentos: «*Una de las dos Españas / ha de helarte el corazón*». Un alporizamento, unha falla de respecto demo-

crático –con diferenzas, claro, nos diferentes actores–, cando se trata de resolver o día a día dunha comunidade autónoma; o mesmo que se acende cando se quere abordar a configuración plural do país. Detrás de todo isto hai loxicamente diferentes modelos sociais, políticos, económicos, diferentes intereses, todo relativamente normal, pero tamén a maiores entendemos que un plus de paixón, de tripas, de irracionalidade, que impiden sentar, falar e escoitar. E mira que non hai cousas de peso que falar, e nas que atopar urxentes liñas de acordo e colaboración nos momentos que estamos vivindo!

Quen dará o paso cara á sensatez? Parece que hai xente para a que a política é basicamente polemizar, pisar o contrario coa palabra ou co que sexa para ter poder. Sería o «canto peor, mellor», para poder acceder ao poder. Paréceme que a comunidade eclesial podería ser quen de xogar un papel importante neste desconcerto, sempre e cando, claro, ela mesma se libere de semellante agresividade. Temos en *Fratelli tutti* unha ferramenta excepcional para temperar os propios

ánimos e axudar a temperar tamén os alleos. Sorpréndeme que en todo este rebumbio non se alce unha voz eclesial coa «autoridade» que recoñecían en Xesús os seus contemporáneos.

Voz con autoridade –e este é a segunda achega que gusto de compartir– tamén para definir o espazo propio da fe cristiá, cando xorden maneiras de vinculala con determinadas liñas políticas que olen a clara manipulación do relixioso en función doutros intereses. Todos coñecemos ese fenómeno internacional do intento de apropiación da fe por parte de sectores politicamente moi de dereitas; aínda que non só estes o poidan facer. Tampouco aquí dispoñemos, me parece, de referencias explícitas que axuden a valorar e discernir o noso momento presente ao respecto. Ou folgámonos, acaso, de que con tal que leve o barrunto da relixiosidade todo vale? Son, coma nunca, os tempos do Evanxeo, os tempos de sinalar con claridade onde e con que se honra a Deus e onde e con que non se realiza tal cousa. Algo así quixeron facer desde Madrid o «foro de curas de Madrid», cun longo e, ao noso ver, bas-

tante serio documento de análise previo ás eleccións no que, dado o ultra liberalismo político e económico do PP e de Vox, consideraba que eran partidos aos que non debería ir o voto das persoas crentes; estas por sensibilidade relixiosa deberían arrimar a quen máis decididamente apostase pola superación das diferenzas sociais. Vese que as súas reflexións –por máis que estivesen na liña do que podemos chamar a visión da economía do Papa Francisco– non convenceron a moitos votantes.

5.- Un maratón de oración contra a pandemia

Dito e lido así, parece algo sorprendente. Proponnos o Papa –e así o inaugurou el mesmo o día 1 de maio no Vaticano– que durante todo o mes de maio intensifiquemos a nosa oración para acabar coa pandemia; estarán enredados nisto santuarios marianos do mundo enteiro, pois cada día un deles considerárase lugar de referencia desde o que potenciar esa experiencia de oración. Entre nós será o de Montserrat o que nos represente o 22 de maio.

Teño que recoñecer que esta proposta en principio descolocoume e mesmo xerou en min algo de rexeite. Chegábase como un afán de acumular forzas de intercesión para a ver se así, contando a máis coa intercesión de Santa María, o corazón de Deus amolece e ten a ben quitarnos de enriba esta pandemia destrutiva. Unhas veces este tipo de mensaxe está claramente manifestado, e outras non se di, pero convértese nunha dedución normal que a maioría da xente fai, dado o estilo oracional que máis se promove e que máis frecuentamos. Sería terrible, mesmo escandaloso, que Deus tivese o poder de quitarnos este mal de enriba de nós e que, pola razón que sexa –normalmente interprétase como castigo e/ou corrección–, opte por persistir na súa teima, agás que nós fagamos que cambie de idea. Pagaría a pena crer nun Deus así? Isto pareceríase máis ao comportamento dun soberano feudal do que ao Deus de amor que Xesús de Nazaré nos anunciou como Boa Nova.

Polo que puidemos ir vendo, aínda que o perigo anterior subsista, a pregaria proposta polo

Papa sitúase nun marco distinto. Aparece máis como un darnos un tempo de silencio compartido, no que poder ollar con ollada limpa para o que pasou e pasa coa COVID-19, poder iluminar as escuridades coa luz misericordiosa e solidaria de Deus, e dispoñernos á tarefa de lle dar cara ao problema xerado con todos os recursos que temos ao noso alcance, que son moitos, conscientes de que dalgunha maneira nós somos as mans de Deus. O mesmo Papa falaba xa desde o comezo de que se trataba de ver como arrexuntar esforzos de todo tipo, materiais e espirituais, para que a investigación dilucide ben a fondo causas e remedios; como investir en investigación e en propagación da vacina moitos dos cartos que absurdamente se están investindo en armamento que sosteñen guerras que agravan a situación. E ben coñecemos a proposta do Papa de que a vacinación se converta en algo universal, o cal quere dicir en algo case gratuíto. Estamos certamente ante unha vaga que envolve toda a humanidade, e só unha visión e unha práctica universal estilo «casa común» pode garantir o futuro.

Parémonos, logo, meditemos, analicemos a realidade, a vida e os corazóns, acollamos as demandas sempre solidarias de Deus ou daquilo no que creamos, e adiante!

6.- Seminarios mixtos

Nesta primavera soube-mos tamén que os Seminarios Menores de Lugo e Santiago de Compostela pasarían a ser, para o próximo curso, colexios privados mixtos para a ensinanza dos estudos de ESO e Bacharelato. A cousa ten o seu aquel, se reparamos no que de sempre, desde as súas fundacións normalmente polos séculos XVI-XVII, foi a traxectoria formativa destes centros, eminentemente clericais por métodos e finalidades e, en consecuencia –dada a visión tradicional da clerecía–, prudentemente arredados do mundo feminino, considerado dalgunha maneira como un perigo e atranco para as finalidades de centro.

Por iso parécenos moi positivo o paso dado –acompañado, suponemos, polo feito de que tamén o profesorado sexa mixto–, dando por seguro que non obedece a ningunha estratexia utilitarista

–hai quen afirma que se fai unicamente para poder participar dos beneficios dun colexio concertado–, posto que a lei Celaá pon como condición para tal seren que estean abertos a ambos sexos. A relación normal de homes e mulleres na infancia e na mocidade, nos estudos, na diversión, na convivencia non é máis ca unha consecuencia lóxica da nosa condición mixta de criaturas, e canto máis se normalice ese feito máis beneficio lle pode causar ao bo desenrolo das persoas e das opcións que na vida vaian tomando, sexan estas as que sexan. Aínda diría máis, mentres persista a condición de célibe para acceder ao sacerdocio, é especialmente necesario que se normalicen os espazos de convivencia coa muller, como condición imprescindible para unha maduración da propia opción polo celibato. Cantos foron, fomos, os que, debido a esta ausencia obrigada da relación co feminino, construíron con indubidable boa vontade castelos no aire, que no mellor dos casos a vida, poñéndonos de cara ante a propia verdade, se encargou de derrubar. E malo cando esta sublimación, sendo tal, non se chega a desenmascarar!

E ao paso dado quizais habería que engadir outro máis. Que fose posible que tamén os estudos eclesiásticos puidesen ser compartidos nos mesmos Seminarios por persoas laicas, mulleres e homes, que tivesen interese por tal formación. Hoxe por hoxe non hai tal demanda entre nós, pero quizais non hai demanda porque tampouco hai oferta. Cara a un futuro que se viste xa de inmediato, con poucos clérigos, coa urxencia dun laicado ben formado para asumir responsabilidades de todo tipo dentro das comunidades, seguramente será necesario, imprescindible, facilitar este tipo de recursos; e, como pasa case sempre con todas as cousas que teñen que ver coa experiencia relixiosa, serán as mulleres as que preferentemente abrirán camiño. Ai, ai, ai!, que sería da Igrexa sen mulleres, e que lonxe estamos de situalas no nivel que lles corresponde por seren simplemente persoas humanas e, como tales, fillas de Deus!

7.- Aí vén o maio de flores cuberto

Así empezaba o poema de Curros Enríquez, reivindicando

tivo como era nel costume, a prol do pobo galego, daquela maiormente aldeán. Para non só quedar no engado dun maio floreado, non está de máis que leamos ao completo, e mesmo que cantemos con música de Luís Emilio Batallán, as catro estrofas do poema, que comeza, coma nos Cantares Galegos de Rosalía, cun par de versos populares, que recollemos no título deste apartado. Así, o festexo dos maios, as estadas que sosteñen e ofrecen arte e fermosura, os encontros festeiros que ao redor deles se organizan –con cautela hogano por mor da pandemia–, deberan ter, e teñen con frecuencia unha clara palabra de soños e protesta, de leda crítica e de aposta por un mañá mellor.

Daquela era Curros Enríquez o que elevaba as protestas contra quen zugaba no pobo, entre os que incluía cregos e abades. Hoxe, cando empeza o mes de maio, son cregos e abades, con leigos e leigas das organizacións que compoñen o ITD –Igrexa por un Traballo Decente: HOAC, Cáritas, Confer, Xustiza e Paz, XEC, XOC– as persoas que polo 1 de maio, acompañan a festa

dos maios e as manifestacións obreiras cun manifesto co que advirten da grave situación laboral pola que no presente está pasando unha parte importante da nosa poboación, maiormente as mulleres e a xente nova, e co que queren contribuír a que se tome moi en serio as condicións laborais actuais, porque o traballo decente é o fundamental argumento contra as desigualdades e mesmo a situación de exclusión social na que se atopa moita xente. Por iso instan «agora, máis ca nunca, a adoptar as medidas necesarias para conseguir que o traballo decente sexa unha realidade accesible para todas as persoas, con condicións que permitan manter unha vida digna e unha protección social que chegue a todas as persoas que o necesitan», para o que logo propoñen ata seis liñas de actuación.

Tamén no maio, agora xa polo 15, o mundo da aldea celebra o seu día, o seu patrón, san Cidre ou Isidro, unha festividade que, certo, non ten moita tradición no noso pobo. O santo labrego, aquel a quen a xente acudía e aínda acode, é especialmente o santo Antón abade, o lacoero, avogoso para as enfermidades

do gando maior e menor, sobre todo en tempos nos que os veterinarios eran poucos e caros, e tiña o santo que competir con menciñeiros ou albeites autodidactas, e coma eles logo facían o que podían ou máis do que podían. «*San Antonio*», di a xente aínda por terras de Abadín a xeito de bendición cando coñece ou ve o nacemento dun animal. Esa devoción non sabía a reivindicación, cousa que hoxe se traballa máis. E de reivindicación e defensa do rural, da paisaxe, da natureza andan, andamos, con boas formas de organización, toda a xente que especialmente nestes últimos meses se está a rebelar contra a implantación irracional de parques eólicos ou contra o inzar do eucalipto, que parece querer converterse case en monocultivo protexido. Ai, onde queda a «soberanía alimentaria», a nai de tantas outras soberanías, para a que a diversidade dos produtos en proximidade resulta imprescindible!

E tamén por maio non podía faltar a figura de María, de Santa María, á que de vello se lle dedicaba o mes das flores. Está ben, meréceas por ser muller de aldea, pola crianza

sabia do seu fillo Xesús xuntamente co seu home Xosé, polas reticencias que houbo de superar para dar entendido a orixinalidade de Xesús, pola vinculación ao grupo dos seus seguidores e seguidoras, polo acto de empoderamento feminino desde a valentía dunha dispoñibilidade confiada ao Espírito, e por se converter en socia e mestra de todo proceso de emancipación, de liberdade. Con flores á María, logo, e a todas as mulleres humildes e teimudas que abren camiños.

8.- A voltas coa fala

Poida que, pandemia mediante, tampouco este ano celebremos como se merece o Día das Letras Galegas, e poida que a figura de Xela Arias non chegue a ser abondo descuberta e recoñecida. E seguimos coa dúbida de se esta xornada reivindicativa a prol das nosas letras, a prol da fala, da nosa fala, está valendo o necesario como para empuxarnos a unha actitude vital de empatía coa lingua de nós, que disque cada ano perde militantes, militantes da fala. É ben rechamante, tristemente rechamante, que

debamos ser incitados cara á empatía coa lingua que culturalmente nos identifica e enriquece. En calquera situación non ferida de anormalidade a propia fala debería ser amada, coidada, falada, transmitida, recibida con ledo orgullo, sen ningún imperativo social, sen ningún aceno de desprezo cara a outras linguas que enriquezan a nosa bagaxe cultural.

Sempre pensei que debíamos ser o único país do mundo en que tal cousa sucedía, pero hai poucos días soubemos que en Valencia pasa algo semellante. Claro que alí sempre alguén pode manexar a obxección de que o valenciano é o catalán, e que a lingua se tome coma un instrumento de asimilación, cos «Paixos Cataláns» de fondo. Queixoso con todo anda por alí polos menos parte do clero porque desde a institución eclesial non se lle ofrecen materiais para poderen celebrar en valenciano cando así o queiran.

E o mesmo día que recibimos esta nova, tamén nos chegou a información de que en Canarias vén de saír do prelo unha edición do Novo Testamento en canario (castelán canario en

léxico e xiros) e con linguaxe inclusiva. Promoveron esta edición militantes da HOAC, e así a presentan: «Novo Testamento. Unha adaptación á linguaxe inclusiva e canaria, que nace co propósito de axudar a vivir cunha fe persoal, comunitaria, crítica, comprometida e festiva, que nos anime a ser persoas novas e contribúa á construción desa sociedade nova que o Pai Mai Deus quere para o noso mundo». Publicao Mercurio Editorial. Que fermosa esa delicadeza de inculturación da Palabra adaptándoa ás formas propias e á corrente de posta en valor do feminino, e por iso, aínda máis, que amarga insensibilidade a do pobo que, tendo fala de seu, renuncia a esta herdanza, regalo do pobo, regalo de Deus!

9.- *Antiquum ministerium*

Tal é o título en latín (antigo ministerio/servizo en galego) da Carta Apostólica do Papa Francisco, firmada o 10 de maio, na que institúe o ministerio do ou da catequista.

O servizo de «transmitir de forma máis orgánica, permanente e vinculada ás diferen-

tes circunstancias da vida, a ensinanza dos apóstolos e dos evanxelistas» estivo presente na Igrexa desde os primeiros momentos e mesmo séculos. Aínda que o cristianismo perde consistencia ao se converter en cristiandade, aínda así sempre na historia da Igrexa foi valorado este servizo, feito por clérigos, por ordes relixiosas, polos membros da familia da persoa en formación ou por algunhas persoas específicas que nas comunidades, nas parroquias foron cumprindo este papel. Así ata hoxe. Certamente un servizo en xeral algo diluído, mesmo frouxo nalgunhas ocasións, levado a cabo ás veces por persoas pouco preparadas para tal cousa.

Con esta Carta Apostólica o Papa institúe ese servizo con todas as consecuencias, é dicir, marcando obxectivos (axudar a un proceso de descubrimento, de opción e de maduración da experiencia relixiosa), debuxando identidades («o catequista é ao mesmo tempo testemuña da fe, mestre e mistagogo, acompañante e pedagogo que ensina no nome da Igrexa. Unha identidade que só se pode desenrolar con coherencia e

responsabilidade mediante a oración, o estudo e a participación directa na vida da comunidade») e indicando características: «homes e mulleres de fonda fe e madurez humana, que participen activamente na vida da comunidade cristiá, que poidan ser acolledores, xenerosos e vivan en comunión fraterna, que reciban a debida formación bíblica, teolóxica, pastoral e pedagóxica para ser comunicadores atentos da verdade da fe e que teñan adquirido xa unha experiencia previa de catequese».

E serán as Conferencias Episcopais, claro, as que elaboren un itinerario de formación e sinalen os criterios normativos para acceder a el.

A proposta é clara, necesaria, responde aos diferentes Directorios de catequese que se foron elaborando ultimamente, e sitúase con claridade nunha perspectiva comunitaria moito por diante, para mellor, do que en realidade temos maioritariamente na Igrexa. En xeral os nosos procesos catequéticos son frouxos, as nosas catequistas (son case sempre mulleres as que cumpren este servizo

con moito mérito) teñen moitas limitacións, os resultados son os que todos coñecemos, e isto é así porque as mesmas comunidades cristiás responden a un modelo de cristiandade, onde prevalece o de que «a persoa cristiá nace, non se fai», contra a práctica primeira no sentido contrario: «*funt, non nascuntur christiani*», (fanse, non nacen as persoas cristiás), que testemuñaba Tertuliano (Cartago, 160-220) no seu *Apologeticus*, XVIII.

O sistema catequético que temos non se sostén, non é quen de consolidarnos para vivir con consistencia a fe nos tempos de hoxe. Todo o mundo o ve, pero non se dá cambiado de modelo. Estamos afogados no mesmo sistema que fomos creando ao longo de moitos séculos. Como subverter isto? É o gran reto sobre todo en países de vella tradición cristiá coma o noso. Cumprírase aquí o de que non se poden poñer mendas novas a roupas vellas? Terá que xurdir, alentado polo Espírito, algo novo? Estamos nós chamados a facelo posible? Como? A institucionalización do ministerio de Catequista é só un moi primeiriño paso dun longo recorrido eclesial.

10.- *Don Nicandro Ares. Bo e sabio*

Poida que para moitas persoas que isto lean Don Nicandro, Nicandro, sexa un home descoñecido. Pois *Don Nicandro Ares. Bo e sabio* é o título dun libro homenaxe do ano 2020, que baixo a dirección de X. Diéguez Diéguez publicaron diferentes autores que por Nicandro sentían fonda admiración e afecto, tales coma Alfonso Carrasco Rouco, Xesús Alonso Montero, Arximiro López Rivas, Felipe Arias Vilas, e así ata 14 nomes entre os que tamén figura o noso ben coñecido Xesús Ferro Ruibal. Un libro, por certo, editado con sumo gusto e pulcritude.

Como se pode deducir, Nicandro Ares foi un cura da diocese de Lugo, que se acabou especializando en toponimia, ata o punto de chegar a ser un referente galego e máis que galego neste eido. A Real Academia Galega ten publicados dous grosos tomos nos que se recollen boa parte das súas achegas neste campo. E un apéndice bibliográfico do libro que comentamos ofrécenos a inxente cantidade de publica-

cións que en xeral sobre investigación e divulgación de temas artísticos Nicandro levara a cabo desde o ano 1962 ata o 2019, algúns deles póstumos, pois que o seu autor morrera o 22 de xullo do 2017.

Pero a máis diso Nicandro Ares foi doutor en bonhomía e humildade, un excelente profesor que exerceu como tal no Seminario e noutros Institutos lugueses e un bo cura, un bo coidador das diferentes comunidades parroquiais que atendeu durante a súa vida. Nas poucas ocasións que por diferentes razóns me relatei con el, sempre quedaba aleuto pola súa sinxeleza, pola súa valoración do que outros facían, pola súa dispoñibilidade a aceptar servizos que se lle pedían, pola fonda carga de afecto que transmitía só co seu rostro, coa súa ollada, coas súas palabras doces, tras do que era doado adiviñar un fondo de paz e de xenerosidade.

En tempos nos que a clerecía está sendo moi cuestionada por diferentes e posiblemente serias razóns, fólgame de poder facer memoria deste cura, e con el de moitos máis, aos que, cleri-

calismo aparte, moitas persoas tanto lles debemos. E o pobo e diocese de Lugo, que fixeron posible a Nicandro Ares en corpo, mente, sentimentos e espírito, algún mérito terá tamén en todo isto. Parabéns!

Que descanse Nicandro na paz de Deus, e con el descan sen tamén –non queremos esquecerlos– os xa innumerables mártires que en diferentes países africanos (Sudán do Sur, República Centro Africana...) están sendo asasinados, eles e elas, pola súa fe e vida relixiosa (o 80 % cristiáns) e as persoas tamén masacradas pola policía colombiana simplemente por protestar demandando unhas condicións de vida digna; ou os palestinos, por enésima vez vítimas dun estado xudeu prepotente. Mortes ante as que escasamente nos alporizamos, porque non nos tocan ou porque temos a sensibilidade e as gorxas apertadas polos poderosos deste mundo, ou quizais, máis simplemente, porque non vemos que facer.

E aquí pechamos esta nosa Crónica para facela tamén vosa. Estando xa case a mediados de maio, ousamos augurar que,

cando este número da revista chegue ás vosas mans, a pandemia teña remitido abondo como para que volvamos a certa normalidade, que se liberen ou abaraten ao máximo as patentes das vacinas para que poidan chegar rapidamente a todos os recantos do mundo, e que sexamos quen

de xuntar mans, mente e corazón para lle dar cara ao inmenso labor de reconstrución persoal, familiar e social que temos por diante. Oxalá! Entendo que é algo ao que Deus con urxencia nos convoca.

Manuel Regal Ledo